

**Foi convocado de urxencia, e de xeito coercitivo, a un acto público presidido polo Conselleiro de Educación**

## **NOVA ESCOLA GALEGA CONDENA O INTENTO DE USO PARTIDISTA DO COLECTIVO DE PROFESORADO QUE ACABA DE APROBAR AS OPOSICIÓN**

*O profesorado en prácticas foi citado, ás 14.00 h. do día 1 de setembro para un acto público na mañá do día 2.*

*Os profesionais que superan as oposicións deben pasar un ano en prácticas, sendo avaliados ao final do mesmo.*

*A Consellería institucionalizou un acto de benvida o día 1 de setembro para os mestres/as, e o día 2 para o profesorado de Secundaria.*

*Ao acto do día 1 asistiu un número reducido de opositores/as e a consecuencia foi que a Consellería entrou en contacto cos opositores/as de Secundaria para comunicarlles a obrigatoriedade da asistencia ao acto do día 2.*

*Ningunha disposición normativa regula tal acto, que só cabe interpretar en clave política.*

Santiago, 2 de setembro

O Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA manifesta publicamente o seu rexeitamento do intento de manipulación do profesorado en prácticas por parte da Consellería de Educación, obrigándoo a asistir a un acto -carente de significado académico- que só cabe cualificar de propagandístico.

O proceso de selección do profesorado leva consigo unha serie de probas (as “oposicións”) ás que segue, durante un ano, un período de prácticas que tamén debe ser avaliado. A Consellería de Educación decidiu programar senllos actos -para profesorado de Primaria e de Secundaria, respectivamente- de benvida, contra os que Nova Escola Galega non ten nada que dicir, pois poderían formar parte dun protocolo de boas prácticas de acollida ao profesorado que se incorpora ao sistema.

Ora ben, cando este, en aparencia ben intencionado acto se converte, como parece evidenciarse, nunha montaxe propagandística partidista, semella claro que non pode ser asumible que se intente manipular todo un colectivo para sacar réditos políticos. E iso parece que foi o que sucedeu porque á primeira das convocatorias acudiu un número ínfimo de opositores/as, e ese feito semella o desencadeante de que a Consellería decidise OBRIGAR o colectivo de profesorado en prácticas de Secundaria a acudir ao segundo dos actos, pensado para a mañá deste 2 de setembro.

Nova Escola Galega considera intolerable, caciquil e incluso mesquiño este proceder. Considérao así por entender que é un acto reprobable por si mesmo, pero tamén porque, tanto o día 1 como o día 2 de setembro, os centros educativos están reunindo os seus claustros para a programación do curso e para a distribución da docencia. A Consellería, no canto de facer posible que os seus traballadores/as cumpran co seu traballo nun momento tan delicado, obrígaos a trasladarse desde calquera punto de Galicia a un acto intranscendente que, dito sexa de paso, non aparece regulado na normativa sobre os procesos de oposición.

Cabe recordar, por último e paralelamente, que a educación en Galicia se atopa nun tronso delicado en extremo, con necesidades -sobre todo de dotación de persoal- que a Consellería debería intentar solucionar dedicándolle todos os seus esforzos, no canto de programar actos con nula transcendencia.

## **NOVA ESCOLA GALEGA**

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo  
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 981 562 577  
<http://www.neg.gal/>  
[neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)  
CIF G36645232